

Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

DIRECTOR TERRITORIAL DE A CORUÑA. ISIDORO MARTÍNEZ ARCA

ASUNTO: Ante a publicación no DOG do 22 de novembro do anuncio relativo ao acordo do 14 de novembro de 2024 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL, D/Dª.....maior de idade, actuando en nome propio, con DNI.....e domicilio a efectos de notificación en, fai constar as seguintes **ALEGACIONES**:

1.-O proxecto en exposición pública é , no esencial, idéntico ao presentado en agosto de 2017 e que recibiu unha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) desfavorable en xaneiro de 2020. Por iso, e en aplicación do artigo 39.4c) da Lei 21/2013 de Avaliación ambiental:

c) Si ya hubiese inadmitido o ya hubiese dictado una declaración de impacto ambiental desfavorable en un proyecto sustantivamente análogo al presentado.

Procede resolver a inadmisión do proxecto, porque xa se ditou unha resolución de impacto ambiental desfavorable para un proxecto sustantivamente análogo ao agora presentado.

2.-O proxecto en exposición pública amosa fortes carencias na súa documentación. Algúns documentos como o PE05_BIS_INFORME SOLVENCIA ECONÓMICA Y FINANCIERA ou PE04_BIS_SOLVENCIA_TECNICA están completamente en branco, ocultando á poboación o información clave da empresa promotora. A listaxe de bens que deberían ser expropiados para levar o proxecto adiante está pragada de erros e omisións: dende parcelas coa superficie en branco, a referencias catastrais que non existen na web de Catastro ou outras (ata 49) que aparecen cunha superficie 1000 veces menor á que aparece en Catastro.

3.-O proxecto en exposición pública non se adecúa ao indicado cando a Xunta o declarou como PIE

O proxecto presentado cínguese só a un proxecto mineiro¹, non se desenvolve nin a planta solar fotovoltaica, nin a planta de tratamento de xurros, nin o “proxecto piloto E LIX”, contrariamente ao indicado ao declaralo PIE. Tampouco presenta sinerxías económicas co tecido económico da zona, só coas empresas do mesmo grupo empresarial (TYRMA,TEN, EXGA).

4.-O desenvolvemento do proxecto tería fortes implicacións para o territorio entre outras:

- desaparición total ou parcial de cursos de auga (Pucheiras, Burgo, Rego de Arinteiro), de mananciais e traídas veciñais, de vías de comunicación públicas, da base territorial das granxas da contorna e de fincas de monte de numerosísimos propietarios

- voaduras practicamente diarias (694 de 10 Tn e 1380 de 16 Tn), aumento de tráfico pesado e lixeiro, de ruído, de pó en suspensión de diferentes elementos e granulometrías, incluídas as partículas PM₁₀ e PM_{2.5} que demostraron graves afeccións á saúde². Alta emisión de gases de efecto invernadoiro (ata 752.157 ton. de CO₂ nos 13 anos de explotación)

- enormes depósitos de estériles de mina, con alto poder acidificante, que quedarán para sempre á beira das casas: o chamado DEP1 de 125 Ha, 34Mt de capacidade con 80 metros de altura e máis de 3 km. de lonxitude e o DEP2 con capacidade para 69Mt e 95Ha, arrodean a aldea de Arinteiro a pouco máis de 200m. Segundo o PR27_Anexo 26_INFORME IGME-CSIC SOBRE DEP1 clasifícase como MOI ALTA a consecuencia que tería o fallo da presa, MOI ALTA para o criterio de deseño de rebalse e MOI ALTA para o criterio sísmico de deseño.

- o Camiño francés situaríase a apenas 2km da explotación mineira, a ruta Eurovelo 3 ou o Camiño holandés pasarían directamente polo límite da explotación mineira. Cabe recordar que o ICOMOS³ xa se pronunciou negativamente.

5.-Caracterízase a zona como deprimida e en declive utilizando datos do 2021, en plena pandemia.

A análise EsIA35_Anexo 33_ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DEL PROYECTO non ten ningunha validez posto que utiliza os datos de fai 3 anos en plena pandemia do COVID, con moitos traballadores en ERTE e a economía paralizada.

¹ Como se pode comprobar no DOC_BIS_ANÁLISIS COMPATIBILIDAD ESTRATÉGICA

² <https://canal.ugr.es/noticia/una-investigacion-de-la-ugr-revela-el-efecto-de-los-elementos-toxicos-en-los-suelos-urbanos-de-la-region-minera-de-riotinto/>

³ <https://static.ecestaticos.com/file/a5d/322/516/a5d322516717dc4d598c1439fa478cf1.pdf>

Contrariamente ao que se afirma, nin hai caída do PIB (o de 2022 xa foi un 13,5% superior ao de 2019), e a taxa de paro sítuase no terceiro trimestre de 2024 no 8,8% para Galicia con 112.500 desempregados, fronte ao 13% que se proporciona no estudo socioeconómico. E nos concellos de Touro e O Pino os datos de paro conducen a taxas de paro moito máis baixas que a media galega (106 persoas en O Pino e 105 en Touro en outubro de 2024)

6.-Proponse a mina como solución para revertir o problema demográfico, pero os datos estatísticos amosan que non é así.

Lonxe desa afirmación, as concas mineiras sofren profundos problemas de despoboación⁴⁵. A perda poboacional que sufriron os nosos concellos na década dos 70-80, no que a explotación mineira estivo aberta foi superior á que tiveron nas dúas décadas seguintes⁶. E na nosa contorna, Belmonte de Miranda, un concello asturiano onde se asenta a mina de ouro (e cobre) de El Valle-Boinás, perdeu un 40% da súa poboación dende a posta en marcha da mina no 96.

7.- De levarse a cabo o proxecto, implicaría mover case todas as empresas que actualmente están nesas cortas. A nova ubicación, nalgún dos casos por definir, debe ser avaliada conxuntamente co proxecto mineiro para analizar os impactos acumulados.

Proponse o traslado de TYRMA, CVAN Y ESTRUCTURAS Y MONTAJES ao polígono industrial de Touro, mentras que a nova ubicación de TEN está por definir, pero indícase que ha de ser próxima a escombreira PAG. A nova ubicación destas empresas, implica novas presións no consumo e auga e electricidade e retos como dos cheiros ou a depuración das augas residuais, polo que ha de tramitarse xunto a este proxecto, como parte indisoluble do mesmo. Debe ser avaliado conxuntamente para analizar os impactos acumulados sobre a poboación, o medio e os recursos que acarrearán conxuntamente a reapertura e ampliación da mina xunto con estas industrias.

9.-A documentación presenta indefinición en aspectos clave, entre outros

-Respecto a **cal é o consumo de auga da propia mina e de onde a vai obter**. Respecto a **onde se obterá a auga necesaria para abastecer as granxas e poboación que perden os seus mananciais ou as empresas que se moven para o polígono**. Hai que ter en conta que a traída municipal xa sofre restricións tódolos veráns.

- **Respecto ao uso de tecnosolos** que se propón na formación da escombreira PAG, afirmando que reducirá a o risco de drenaxes ácidas. Só está baseado en ensaios de laboratorio, e é un uso non recollido na norma que os regula, ITR/01/08. Falta de definición neste aspecto na documentación (*"está previsto el posible uso"*).

-**Respecto a como se realizará na práctica a segregación PAG/NAG sobre a que pivota o deseño do proxecto**. Indícanse diferentes porcentaxes baseados en experimentos con mostras en laboratorio, pero falta desenvolver un método que permita aplicalo na práctica aos miles de toneladas de rocha que deben xestionar cada día. Un erro na clasificación que levara a clasificar como NAG algo que é PAG conlevaría a drenaxes ácidas e contaminación de solos e augas

Por todo o exposto, **SOLICITO**

- **Que se dean por presentadas estas ALEGACIÓNS** ao acordo do 2024-11-14 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.
- **Que se resolva a inadmisión do proxecto**, porque xa se ditou unha resolución de impacto ambiental desfavorable para un proxecto substantivamente análogo ao agora presentado. (alegación 1). **En caso de admitir o proxecto, que se dicte unha declaración de impacto ambiental desfavorable á vista dos impactos que se debullaron nas alegacións anteriores**
- Que se **me recoñeza a condición de persoa interesada e se me teña por persoada no procedemento administrativo** anteriormente indicado, a fin de poder exercitar os dereitos recollidos na Ley 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública (art.53), e na lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental (art. 37).

Ena.....de.....de 202

⁴ <https://www.lne.es/cuencas/2019/01/07/tres-cuatro-habitantes-asturias-perdio-18561183.html>

⁵ https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2018/03/08/as-pontes-capital-aldeas-vacias/0003_201803G8P7992.htm

⁶ <https://minatouroopinonon.org/2020/01/14/a-mina-non-solucion-a-perda-de-poboacion/>